



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre a Lei 53/1999, de modificación da Lei de contratos das administracións públicas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	9
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2000
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Que a contratación administrativa é un tema importante, non ten dúbida ningunha. Non só polas implicacións económicas que ten en canto ó volume de negocio que xera, senón tamén pola variedade e complexidade dos diferentes modos de contratación existentes, e a dos mecanismos de control, calidade e garantías que converten a este tipo de relacións nun campo repleto de pequenos obstáculos reservado a verdadeiros expertos na materia.

Estas xornadas están configuradas co obxectivo de aclara-los aspectos máis importantes da reforma recentemente producida que vén mellorar, segundo a intención do lexislador, os procedementos de contratación establecidos na primitiva lei e que, malia non estar lonxe a súa promulgación, precisan dunha posta ó día a fin de palia-los problemas que xeraba a súa aplicación.

Serán obxecto de estudo non só as novidades producidas, senón tamén a relación existente entre o anteriormente lexislado e as actuais modificacións, coa finalidade de dar cumprida resposta ás dúbidas que a aplicación desta nova normativa de contratación administrativa poida producir en todos aqueles que están, dalgunha ou doutra maneira, inmersos no seu campo de acción.

DESTINATARIOS

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- Novidades en materia de contratación administrativa: a súa repercusión na Comunidade Autónoma galega.
- Ámbito de aplicación da LGAP. Contratos administrativos, contratos privados. Os órganos de contratación.
- Requisitos para contratos coa Administración. Capacidade e solvencia das empresas. Clasificación e rexistro de empresas. O réxime das garantías na contratación.
- Actuacións administrativas preparatorias dos contratos. Os pregos. Procedemento e forma de adxudicación. Perfección e formalización do contrato.
- Execución dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Desenvolvemento na execución do contrato: principio de risco e ventura; o prazo (especial referencia ó novo réxime de penalidades), abonos ó contratista; réxime de responsabilidades fronte a terceiros; modificación e suspensión do contrato.
- Extinción do contrato. Cumprimento, declaración de invalidez; causas de resolución do contrato. Novidades en materia de cesión e subcontratación.
- Novidades en relación cos contratos en particular: obras, xestión de servizos públicos, subministración e prestación de servizos á Administración.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS**SANTIAGO**

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 10/02/2000 a 11/02/2000

NUM. PRAZAS: 320

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Salón de actos da EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.